

Xunta de Galicia

Ingeniero Técnico Agrícola

Temario DOG y Convocatoria 10/01/08

Titulación: Enxeñeiro técnico Agrícola

Exercicios:

Primeiro exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, máis tres (3) de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será correcta, correspondentes ao contido do programa. Os/as aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentos para a realización deste exercicio da parte xeral do programa.

O tempo máximo de duración será de noventa (90) minutos.

De conformidade co disposto no artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega.

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar a puntuación mínima. Para iso terase en conta que por cada tres respostas incorrectas descontarase unha correcta.

Segundo exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá na resolución dun suposto práctico de desenvolvemento, á elección do aspirante de entre dous propostos polo tribunal, e relacionados coas materias correspondentes ao contido do programa no que se refire aos temas específicos de cada escala.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de dúas (2) horas.

Para realizar este exercicio os opositores poderán servirse de textos legais sen comentarios, excluídos os libros de consulta.

Unha vez publicadas as puntuacións deste exercicio, abrirase un prazo de dez días hábiles para que os aspirantes que superen este exercicio, presenten o documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa Disposición Adicional Segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG n^o 146, do 30 de xullo de 2007), para os efectos da exención prevista no cuarto exercicio.

Terceiro exercicio, de carácter eliminatorio, constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego proposto polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego ao castelán proposto polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha (1) hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao

tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de apto.

Estarán exentos da realización do cuarto exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa Disposición Adicional Segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG n^o 146, do 30 de xullo de 2007).

Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B)

Parte común a tódalas escalas.

Parte xeral. Lexislación.

1. Constitución española, do 27 de decembro de 1978.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de autonomía de Galicia.
3. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística: títulos I e II.
4. Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: títulos I a X.
5. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: títulos I a III.
6. Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público: títulos I a V.
7. Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia: títulos I a V.
8. Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes: títulos preliminar e II.
9. Tratado da Unión Europea: títulos I a III.
10. Tratado de funcionamento da Unión Europea: primeira parte, segunda parte e capítulos 1 e 2 do título I da sexta parte.

Temas específicos da escala de enxeñeiros técnicos Agrícola

Como fonte de consulta para os datos estatísticos terase en conta o anuario de estatística agraria 2004.

1. Competencia da Comunidade Autónoma galega en materia de agricultura. A Consellería de Medio Rural: estrutura orgánica.
2. A economía galega: dimensión e importancia en referencia a España e á UE. Importancia dos distintos sectores económicos. Factores limitantes
3. A poboación galega: análise e distribución. Poboación activa agraria: estruturas, evolución e tendencias. Os movementos migratorios: repercusión na economía e na actividade agraria. Agricultura a tempo parcial.
4. A terra en Galicia. Usos do solo: distribución, tendencias e problemática. Formas de tenencia. A Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia. A concentración parcelaria: procedementos e incidencias ambientais.
5. A valorización e ordenación do espazo agroforestal. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os

incendios forestais de Galiza. Os cambios nos modelos de aproveitamento e usos do solo. Evolución e perspectivas.

6. Desenvolvemento rural integrad Evolución dos programas europeos e a súa incidencia en Galicia: a política de desenvolvemento rural no periodo 2007-2013. Regulamento CEE 1698/2005. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

7. O sector agrario en Galicia, consideracións dos distintos subsectores: agrícola, gandeiro e forestal. Producción da rama agraria: importancia e composición. A renda agraria: evolución e perspectivas.

8. O subsector agrícola producións máis importantes. Estructura da produción, importancia no contexto español e da UE. Problemática e perspectivas.

9. O subsector gandeiro: producións máis importantes. Estructura da produción, importancia no contexto español e da UE. Problemática e perspectivas.

10. A investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación agraria en Galiza: estado actual. Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos da consellaría do Medio Rural. Principais liñas de actuación. Outros organismos de investigación.

11. Formación e capacitación agroforestal en Galiza. O ensino regrado da familia agraria. Programas de formación continua da consellaría do Medio Rural. A transferencia tecnolóxica agroforestal en Galiza.

12. A Política Agraria Común (PAC): obxectivos, instrumentos e financiamento. . A reforma da PAC do 2003. As Organizacións Comúns de Mercado: principais características. Incidencia dos acordos internacionais sobre libre comercio na PAC. O pagamento único.

13. Política ambiental comunitaria ligada ao sector agrario: A condicionalidade. Problemática dos residuos agrogandeiros. O Código de Boas Prácticas Agrarias. O Benestar Animal.

14. Os fondos estruturais: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Fondo social Europeo (FSE), Fondo Europeo Agrícola e de Desenvolvemento Rural (FEADER) e Fondo Europeo da Pesca (FEP); obxectivos, funcións e formas de intervención

15. Cultivos extensivos para alimentación humana e animal en Galiza: cereais, forraxes e pastos; situación actual. Referencias ás principais técnicas de produción. Problemática e perspectivas. Axudas ao sector.

16. O viñedo en Galicia: zonas produtoras. Variedades. Situación actual. Referencias ás técnicas de produción. Axudas ó sector.

17. Horticultura, floricultura e fruticultura . Situación actual. Referencias ás zonas e técnicas de produción. Problemática e perspectivas. Axudas ó sector. O cultivo da pataca en Galiza. Situación actual. Referencias ás zonas e técnicas de produción. Problemática e perspectivas. Axudas ó sector.

18. O vacún de leite en Galicia: situación actual. Problemática. Principais técnicas de produción. Evolución e perspectivas. Axudas ao sector.

19. O vacún de carne: situación actual. Problemática. Principais técnicas de produción en Galicia. Evolución e perspectivas. Axudas ó sector.

20. A gandería intensiva en Galicia (porcino, aves e coellos). Problemática. Principais técnicas de produción. Evolución e perspectivas. Axudas ó sector.

21. A sanidade vexetal en Galicia: situación actual. Estratexias na loita fitosanitaria. Programa de control integrado:

predición e manexo integrado. Programa de control de residuos fitosanitarios. Principais pragas e enfermidades en Galiza.

22. A industria láctea en Galicia: tipos de industrias, características e problemática do sector. Principais producións e procesos productivos. Evolución e perspectivas.

23. A industria cárnica en Galicia: tipos de industrias, características e problemática do sector. Principais producións e procesos productivos. Evolución e perspectivas.

24. A industria enolóxica e de alcois en Galicia: tipos de industrias, características e problemática do sector. Principais producións e procesos productivos. Evolución e perspectivas.

25. Outras agroindustrias en Galicia (industrias de alimentación animal e industrias forestais): tipos de industrias, características e problemática do sector. Principais producións e procesos productivos. Evolución e perspectivas.

26. Principios da agricultura ecolóxica. Sistemas agrarios de produción ecolóxica. Normativa básica na UE. Situación en Galicia e perspectivas (Plan de desenvolvemento da agricultura ecolóxica en Galicia)

27. A comercialización de produtos agrarios e agroindustriais. Características da comercialización en Galicia: situación actual, problemática e perspectivas. Os contratos tipo de produtos agroalimentarios. Organizacións interprofesionais agrarias.

28. Asociacionismo agrario. Características das principais fórmulas asociativas: cooperativas, SATs, organizacións e agrupacións de produtores agrarios. Importancia do asociacionismo na produción, comercialización e transformación de produtos agrarios galegos e situación no contexto de España e da UE.

29. A Lei 2/2005 de promoción e defensa da calidade alimentaria galega. Principios xerais. Dereitos e deberes dos operadores alimentarios. Figuras da promoción da calidade alimentaria. Control de certificación. Artesanía alimentaria. Evolución e perspectivas de mercado.

30. A calidade dos produtos agrarios e agroalimentarios. Conceptos e factores que a definen. Sistemas de aseguramento integral da calidade: normas que a regulan. As denominacións de calidade. Regulamentación europea, estatal e autonómica. Obxectivos e requisitos. Situación en Galicia: denominacións existentes, evolución e perspectivas. O Instituto Galego de Calidade Alimentaria. O Decreto 4/2007, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores.

31. Marco legal de prevención de riscos laborais: Lei 31/1995. Regulamento dos servizos de prevención (R.D. 39/1997). Riscos laborais nos traballos agrarios. Medidas preventivas e elementos de protección.